



Foi un xastre a unha casa e levou un, un operario con el, e, e na casa non lle debían levar moi ben de casa, que de noite fixeron un bolo no lar, no, na lareira, aghora na lareira no, non sei se usté saberá o que é.

Si, ben sei.

Bueno, na terra desa que había antes na cociña.

Si, si, unha lareira.

E puñeronlle así unha presada de carne, e puñéronlle pa riba de noite, e puñéronlle pra riba, bueno berzas e cousas, e entonces díxolle o criado, o criado, ó, ó, ó xastre, cando dormían na casa onde cosían:

- Mi amo?
- Que?
- Eu teño fame

E díxolle o, o, o amo:

- E eu tamén.
- E logo cómo facemos para comer algo?
- Pois mira, vas abaixo colle-lo bolo do lare, e, e carne despois.

E entonces, efectivamente, marchou abaixo e díxolle el:

- Si pero, eu non vou sabelo -lo camiño pra vir pa riba.
- Levas un fío
- E logho un fío?

E bueno, chegou ca petada, comeron ca petada e deixaron, o outro...

(Empeza a soar un acordeón)

I3: Aí venche o acordeón

I2: E deixaron o outro, na lareira e despois á mañán encontráronse co conto de que, que non pensaba que era o outro comérano eles.